




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Cedeira. Concello: Cedeira. Parroquia: San Fiz de Esteiro.
Extensión: 0,36 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Pequena unidade de acantilados con paredes de escasa potencia e moi condicionados por estrutura rochosa. Vertentes de pendente variable pero elevada -do 15% ao 40%- pola proximidade do Monte da Croa, que pecha a paisaxe a menos de 500 m da costa.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Incluída na base rochosa pertencente ao Complexo de Cabo Ortegal, do Precámbrico-Cámbrico, está dominada por un gneis de dúas micas e só na punta Robaleira aparecen as rochas metabásicas en facies granulítica e anfibolítica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade de condicións climáticas homoxéneas, dado o seu tamaño e localización no interior da Ría, caracterizadas por valores anuais medios de temperatura por enriba dos 15°C e entre 800 mm e 1000 mm de precipitación acumulada. A amplitude térmica anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. Dominio climático Cálido e Seco.

OS SOLOS

Unidade que desenvolve solos pobres, en concreto umbrisoles dístricos, debido á pronunciada pendente da ladeira e a proximidade do cume que pecha a cunca hidrográfica.


AS AUGAS

Vertente acantilada sen rede fluvial destacable dadas as súas dimensións, morfoloxía e escaso desenvolvemento continental. Entra en contacto coa masa de Augas Costeiras da Ría de Cedeira (20119).

O PATRIMONIO NATURAL

As vertentes baixas pertencen ao LIC Costa Ártabra. Domina o hábitat 1230, "Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas" con presenza de 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados", en plataformas e praias de bloques.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Pequena unidade de pendentes elevadas completamente tapizadas por árbores de repoboación ata chegar ao límite das paredes dos acantilados que se suceden ao longo da súa fachada. A secuencia de formas acantiladas só se ve interrompida pola praia da Miña Señora. Os usos presentes correspóndense así cos forestais e os turísticos derivados da existencia da praia.

MORFOLOXÍA

A configuración xeomorfolóxica da unidade non permitiu o desenvolvemento de asentamentos de poboación.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Atendendo ás características dimensionais e topográficas da unidade, a rede de comunicacións existente está constituída por estreitos sendeiros para facilitar a explotación madeireira e o acceso ao faro de Robaleira dende a próxima estrada autonómica AC-566.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como elemento patrimonial figura o faro de Punta Robaleira, situado na entrada da ría de Cedeira, fronte ao espigón de abrigo ao porto, no alto do promontorio da Robaleira, oposto ao faro de Candieira. Data do ano 1862, pero o actual non é o orixinario posto que este sufriu un incendio.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Tramo costeiro que a xeito de saliente separa o areal de Vilarrube e o de Cedeira enmarcando este último polo sur. As formas naturais da súa fronte litoral presidida por acantilados de escasa potencia que acolle unha pequena praia, constitúen o elemento determinante no carácter desta pequena unidade que a xeito de pequeno saliente rochoso individualiza os dous escenarios nos que se divide o conxunto da Ría de Cedeira. A organización actual vén determinada pola explotación forestal que tapiza as súas vertentes.

DINÁMICA DA PAISAXE

As dinámicas predominantes na unidade son de natureza natural e residen nos procesos de retroceso de diversos sectores de acantilado


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A configuración de promontorio rochoso acantilado e a súa situación estratéxica en entrada da enseada na que se encrava a vila de Cedeira achéganlle valores tanto xeomorfolóxicos, recoñecidos coa súa inclusión no LIC e ZEPVN Costa Ártabra; como identitarios para o imaxinario colectivo, que levaron á súa consideración como Espazo de Interese Paisaxístico. A estes valores engádesse a singularidade e misticismo dun elemento cultural como é o Faro de Punta Robaleira, o cal se constitúe ademais como un excelente miradoiro para a enseada do esteiro no que se encrava a vila de Cedeira.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



